

Regulamento da Área de Benestar, Saúde e Deporte

CAPÍTULO 1. SOBRE A ÁREA DE BENESTAR, SAÚDE E DEPORTE

CAPÍTULO 2. ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURA

CAPÍTULO 3. PERSOAS USUARIAS

CAPÍTULO 4. CONDICIÓNNS DE USO E DE ACCESO

CAPÍTULO 5. INSTALACIÓNNS DEPORTIVAS

CAPÍTULO 6. COMPETICIÓNNS DEPORTIVAS

CAPÍTULO 7. NORMAS DE CONVIVENCIA, CONDUCTAS INADECUADAS E CONSECUENCIAS

CAPÍTULO 8. DA PROTECCIÓN DE DATOS

CAPÍTULO 9. DA REFORMA DO REGULAMENTO

DISPOSICIÓNNS FINAIS

CAPÍTULO 1. SOBRE A ÁREA DE BENESTAR, SAÚDE E DEPORTE

A Universidade de Vigo establece entre os seus fins, recollidos no artigo 2 dos seus estatutos, o fomento da vida saudable e o deporte.

Para estes efectos, os compromisos co alumnado quedan recollidos no seu Estatuto do estudantado deportista, no que se destaca a necesidade de conciliación da vida académica e a actividade deportiva, mais a relevancia das prácticas físico-deportivas na formación integral das persoas.

Artigo 1. Misión

A Área de Benestar, Saúde e Deporte (Área BSD) ten como obxectivo contribuír á mellora da calidade de vida da comunidade universitaria a través do desenvolvemento e da promoción de programas de actividade física saudable, así como pór a disposición instalacións, equipamentos e demais recursos no ámbito do benestar físico.

Consonte a súa misión e funcións, prestará unha serie de servizos cuxas características e alcance se recollerán nunha carta de servizos validada pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes.

A actividade asociada a estes regularase mediante unhas normas de funcionamento e unhas instrucións específicas.

Artigo 2. Programación de actividades e usos

Este programa establecerase para cada curso académico e incluírá:

- a) Uso e promoción do acceso ás instalacións e ao material deportivo propio.
- b) Actividades físicas para a saúde.
- c) Competicións deportivas.
- d) Accións de fomento do uso activo do ocio e do tempo de lecer.
- e) Colaboración co estudantado e con entidades que contribúan a fomentar a actividade física saudable.
- f) Outros servizos para a promoción da saúde e do benestar.

Artigo 3. Funcións propias

- a) Diseñar e ofrecer programas de actividades e de servizos centrados na comunidade universitaria, que contribúan a manter a condición física.
- b) Desenvolver eventos e competicións, preferentemente de ámbito interno e interuniversitario, que favorezan a adquisición dunha práctica regular.
- c) Promover o coñecemento en materia da actividade física saudable.
- d) En relación coas instalacións e cos equipamentos deportivos propios:
 - Favorecer o uso interno a través da proposta de vantaxes e de facilidades nas condicións de uso e reserva.
 - Impulsar a mellora das condicións de accesibilidade, en especial para as persoas con discapacidade e con limitacións de mobilidade.
 - Velar polo mantemento, a catalogación e a conservación de xeito adecuado.
 - Informar sobre as necesidades correspondentes a demanda existente.
- e) Desenvolver actuacións para que a práctica físico-deportiva sexa recoñecida como parte da formación integral da comunidade universitaria, incluído o seu recoñecemento a través de créditos ECTS.
- f) Favorecer a relación e o encontro no contexto deportivo entre as persoas que compoñen a comunidade universitaria.

Artigo 4. Medios e recursos

A Área BSD contará con, polo menos, os seguintes medios: persoal adecuado en termos tanto de cualificación coma de número de efectivos, instalacións e equipamentos suficientes, unha clasificación funcional ou por programas propia dentro dos orzamentos da universidade e unha dirección única.

Estes medios e os recursos dispoñibles orientaranse prioritariamente a satisfacer as necesidades da comunidade universitaria.

Artigo 5. Da colaboración coas asociacións universitarias e o fomento dos convenios de colaboración

No seu funcionamento ordinario, a Área BSD buscará a colaboración con outras instancias e entidades, dentro e fóra da propia universidade, para cumprir os seus fins, xerando sinerxías e oportunidades nos campus universitarios e na súa contorna próxima.

5.1 Colaboracións internas

Potenciarase a actividade das delegacións de estudantado e asociacións universitarias que desenvolvan ou que pretendan desenvolver actividades deportivas e actividades físico-saudables, e fomentará a colaboración con facultades, departamentos ou servizos universitarios.

5.2 Colaboracións externas

Potenciarase o establecemento de convenios de colaboracións con entidades alleas para establecer sinerxías e acadar os fins comúns en relación cos hábitos para unha vida activa e saudable.

CAPÍTULO 2. ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURA

Artigo 6. A Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes

A Área BSD enviaralle as súas propostas á Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes e actuará contando co parecer desta.

Correspóndelle a esta comisión a aprobación do programa anual de actividades da Área BSD, así como establecer os criterios de distribución dos fondos asignados nas aplicacións orzamentarias específicas.

Artigo 7. Coordinación xeral e organización por campus

A Área BSD está integrada por unha unidade central de coordinación, situada no campus de Vigo, e por tres unidades propias de cada un dos campus universitarios.

Forman parte da unidade central: o director ou directora técnico da área e o persoal que desenvolva funcións de apoio á actividade xeral da área.

Correspóndelle ao Servizo de Xestión da Extensión Universitaria a asistencia nos procedementos de xestión administrativa e de atención ao público.

Artigo 8. A dirección técnica

O director ou directora técnica da área é a persoa responsable da dirección e xestión da Área BSD e ten encomendadas funcións de organización e de supervisión.

Son funcións da dirección técnica:

- a) Elaborar e propor as directrices xerais do desenvolvemento da área.
- b) Organizar, xestionar e coordinar, técnica e administrativamente, o funcionamento xeral da área.
- c) Presidir a xunta técnica e a comisión de mellora da Área BSD.
- d) Presentarlle á Comisión de Extensión Universitaria as propostas de actividades, servizos e normativas para cada curso académico.
- e) Elaborar o anteproxecto do orzamento da Área BSD e proporlle os criterios de distribución dos créditos orzamentarios á vicerreitoría competente.
- f) Levar a cabo a xestión e o control do orzamento xeral e informar os órganos de goberno da universidade sobre o seu estado.
- g) Velar pola execución dos acordos tomados pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes.
- h) Participar nos proxectos de novas instalacións e equipamentos, así como de reestruturación ou supresión dos existentes, e informar a Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes.
- i) Establecer as tarefas que realizará o persoal adscrito á Área BSD e, no seu caso, formar parte dos órganos da súa selección.
- j) Elaborar a memoria anual da Área BSD.
- k) Recoller, analizar e asignar as suxestións, as queixas e as reclamacións das persoas usuarias.
- l) Cumprir e facer cumprir o presente regulamento, así como o resto de normas que regulan as distintas actividades e servizos.

- m) Representar a Área BSD ante as autoridades e os órganos da universidade ou doutras institucións externas cando así o requira a vicerreitoría correspondente.
- n) Proporlle á Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes proxectos de reforma ou modificación do regulamento e outras normas de funcionamento, unha vez oída a comisión de mellora da Área BSD.
- o) Calquera outra función que lle atribúan os órganos competentes.

Artigo 9. Responsables de Benestar, Saúde e Deporte nos campus de Ourense e Pontevedra

Cada campus contará cunha persoa responsable da organización e supervisión das actividades e servizos no seu ámbito. As súas funcións son:

- a) Levar a cabo a xestión e o control do programa de actividades e o orzamento.
- b) Exercer a dirección do persoal adscrito á Área BSD no ámbito do campus.
- c) Recoller e analizar as suxestións, as queixas e as reclamacións das persoas usuarias.
- d) Representar a Área BSD ante as autoridades e os órganos da universidade ou doutras institucións externas cando así o requiran os órganos correspondentes.
- e) Cumprir e facer cumprir o presente regulamento, así como o resto de normas que regulan as distintas actividades e servizos.
- f) Calquera outra función que lle atribúan os órganos competentes.

Artigo 10. A xunta técnica

A actuación nos tres campus guiarase segundo unha estreita coordinación e cooperación funcional, coa finalidade de conseguir o máximo grao posible de homoxeneidade, eficiencia e calidade no funcionamento.

Para tales efectos, a xunta técnica é un órgano de apoio, consulta e asesoramento ao director ou directora técnico da área e á comisión de mellora da Área BSD en cuestións de carácter técnico e de réxime interno.

Estará integrada polo director ou directora técnico da área e polo resto do persoal TSAD e TEAD adscrito ao servizo.

O director ou directora técnico poderá, a maiores, solicitar a participación do persoal que polos seus coñecementos, experiencia ou relación directa cos asuntos e cuestións tratadas poidan efectuar achegas relevantes.

Artigo 11. A comisión de mellora da Área BSD

Esta comisión é un órgano de asesoramento e de apoio á dirección técnica, que desenvolverá as súas xuntanzas con periodicidade semestral.

Estará integrada por:

- a) O director ou directora técnico da Área de Benestar, Saúde e Deporte.
- b) As persoas responsables de actividades deportivas de cada campus.
- c) Un ou unha auxiliar técnico en instalacións deportivas (ATID).
- d) Tres estudantes representantes dos campus.
- e) Unha persoa representante do PDI.
- f) Unha persoa representante do PTXAS.

Son funcións da comisión de mellora da Área BSD:

- a) Estudar e elevar as propostas de directrices xerais en materia de deporte e benestar.
- b) Proponer os criterios de distribución dos créditos orzamentarios da área.
- c) Avaliar a pertinencia dos novos proxectos e servizos achegados por parte da dirección técnica da Área BSD.
- d) Analizar os proxectos de novas instalacións, así como de reestruturación ou supresión das existentes, presentados polo director/a técnico da área.
- e) Examinar e resolver as suxestións, as queixas, as reclamacións e as propostas das persoas usuarias que, pola súa relevancia, excedan as competencias da dirección técnica da área.
- f) Estudar e informar, no seu caso, as programacións de actividades e de servizos para cada curso académico, así como as taxas que lles sexan de aplicación.
- g) Examinar e enviar propostas de reforma ou de modificación do regulamento da Área BSD, así como outras normas que regulan o funcionamento dos seus servizos.

CAPÍTULO 3. PERSOAS USUARIAS

Artigo 12. Consideración de persoas usuarias

Son persoas usuarias da Área BSD as que, por si mesmas ou integradas en entidades deportivas, utilizan as súas instalacións ou acceden ás súas actividades e servizos.

Coa finalidade de incrementar a colaboración coa sociedade da contorna, permíteselles usar as instalacións, os recursos e os servizos a persoas alleas á comunidade universitaria nos termos que se indican no presente regulamento e demais normativas de aplicación.

Artigo 13. Tipos de persoas usuarias

Con carácter xeral, considéranse os seguintes tipos de persoas pertencentes á comunidade universitaria e de persoas vencelladas á Universidade de Vigo establecidos polo Consello de Goberno:

- a) Comunidade universitaria: alumnado, persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) e persoal docente e investigador (PDI) da Universidade de Vigo.
- b) Familiares e comunidade Alumni-UVigo: familiar da Universidade de Vigo, comunidade Alumni-UVigo e PTXAS e PDI xubilado.
- c) Outras persoas vencelladas.

Estes tipos poderanse modificar ou actualizar considerando o desenvolvemento da normativa que lles corresponda.

Artigo 14. Persoas usuarias e usos permitidos

As programacións de actividades e servizos da Área BSD dirixiranse de xeito prioritario a dar resposta ás demandas e necesidades da comunidade universitaria.

O acceso doutros colectivos poderá ofrecerse sen menoscabo de que se poidan establecer taxas ou prazos de inscrición e reserva específicos.

Para cada curso académico darase publicidade ás posibilidades de participación segundo o tipo de persoa usuaria.

Artigo 15. Dereitos das persoas usuarias

Ás persoas usuarias correspóndelles os seguintes dereitos:

- a) Acceder ás instalacións e aos servizos e participar nas actividades programadas nos termos establecidos neste regulamento e nas demais normas de funcionamento da Área BSD.
- b) Ser tratadas con corrección e con consideración polo persoal.
- c) Ser informadas de normas, instrucións e directrices que regulan o funcionamento da Área BSD e dos seus servizos.
- d) Formular reclamacións, queixas, suxestións e outros comentarios sobre as instalacións, as actividades e os servizos, de xeito que a súa percepción poida ser útil para a mellora continua.
- e) Obter resposta das reclamacións e das queixas formuladas.
- f) Participar na mellora do servizo a través das canles existentes.
- g) Recibir información, orientación e asesoramento do persoal técnico responsable en cada caso.
- h) Tratamento confidencial dos seus datos persoais e dos seus accesos e participacións.
- i) Obter información veraz, comprensible, obxectiva e completa sobre as características e os prezos dos usos e servizos que se lles ofrecen. A información que recibe a persoa usuaria ten carácter vinculante para a Área BSD nos termos nos que os servizos e as actividades se ofertasen.
- j) Coñecer as condicións de uso das instalacións e as actividades en xeral.
- k) Recibir os servizos coa calidade reflectida na información previa.

Artigo 16. Obrigas das persoas usuarias

16.1 Deberes de cumprimento xeral:

- a) Achegar os datos que correspondan para adquirir a condición de persoa usuaria.
- b) Cubrir os formularios para detectar posibles situacións de risco para a saúde.
- c) Facer un correcto uso das instalacións, así como do mobiliario, o material deportivo ou calquera outro elemento, procurando respectalo e coidalo en

todo momento.

- d) Mostrar, por requirimento do persoal encargado das instalacións ou das actividades, a autorización ou a acreditación de acceso.
- e) Colaborar no mantemento, na limpeza e no adecuado estado das instalacións.
- f) Respetar os horarios de acceso establecidos.
- g) Seguir as indicacións e as instrucións que realice o persoal das instalacións, actividades ou servizos. Este persoal poderá expulsar calquera persoa que non cumpra coa normativa que sexa de aplicación.
- h) Comunicarlle ao persoal das instalacións as alteracións do funcionamento, os danos ou as deficiencias destas.
- i) Tratar con respecto o resto de persoas usuarias, así como o persoal encargado das instalacións, actividades e servizos.
- j) Aboar puntualmente as taxas ou os prezos públicos de cada servizo, actividade ou instalación dentro dos prazos establecidos.
- k) Efectuar a práctica deportiva co material e a vestimenta adecuados.
- l) Aceptar e cumprir as normas contidas no presente regulamento, de aplicación tanto ás persoas usuarias coma, na medida en que corresponda, ás persoas que asistan a un evento que teña lugar nos espazos deportivos.

16.2 Deberes para as persoas responsables dos usos de carácter colectivo:

- a) Designar a persoa que representará a entidade para os efectos de comunicación e interlocución co persoal da Área BSD.
- b) Presentar as pólizas de responsabilidade civil ou accidentes que cubran as persoas participantes, incluído o público asistente, cando sexa legalmente esixible.
- c) Comunicar coa urxencia requirida calquera incidente nas actividades organizadas.
- d) Cumprir as condicións de uso establecidas e solicitar a autorización da Área BSD para calquera modificación.
- e) Usar as instalacións para as actividades reservadas e no horario establecido.

CAPÍTULO 4. CONDICIÓNS DE USO E DE ACCESO

Artigo 17. Acreditación e condicións de acceso

Con carácter xeral, as persoas usuarias de servizos ou instalacións rexistraranse previamente na aplicación informática correspondente para a súa xestión.

Condicións para o acceso ás instalacións e aos espazos:

- a) As persoas usuarias deberán identificarse e usar os sistemas de control establecidos.
- b) O dereito de uso que corresponda ou que se teña adquirido será de carácter persoal e intransferible.
- c) As persoas pertencentes á comunidade universitaria acreditarán esta condición.
- d) Nas actividades e nas reservas de grupos alleos á comunidade universitaria, poderase permitir unha única identificación a través da persoa responsable.

Artigo 18. Medios telemáticos de inscrición e de reserva

A reserva das instalacións e a inscrición nas actividades ou servizos será efectuada pola persoa ou entidade usuaria a través dos medios telemáticos establecidos.

Artigo 19. Acceso de persoas menores de idade

Con carácter xeral, os servizos, as actividades e as instalacións serán de acceso para as persoas maiores de 16 anos.

A participación de persoas de menor idade poderase autorizar na medida en que as condicións concretas o permitan en cada caso.

Artigo 20. Aptitude para a práctica de actividade física

As persoas usuarias deberán cubrir un cuestionario de aptitude para o exercicio físico e seguir as recomendacións que neste se lle indiquen para darse de alta como abonado/a ou inscribirse a un curso, competición, servizo ou actividade da Área BSD. No caso de incidencias, poderase esixir un informe ou unha autorización médica

anterior ao inicio de calquera actividade.

Exclúense deste requisito e da súa comprobación os usos por parte de persoas e entidades que desenvolvan actividades que lles son propias e a título particular.

Artigo 21. Prezos públicos

O uso das instalacións e a participación nas actividades, competicións ou servizos da Área BSD estarán suxeitos aos prezos públicos e ás exencións do pagamento aprobados con periodicidade anual polos órganos competentes, por proposta da Comisión de Extensión Universitaria.

O feito de realizar o pagamento nos prazos establecidos comportará a esixencia dos importes correspondentes de acordo coa normativa vixente, así como a posible imposición doutras sancións segundo o establecido neste regulamento.

Aplicarase sempre a tarifa máis vantaxosa á que unha persoa usuaria ou entidade teña dereito. No caso das reservas colectivas, aplicarase a máis vantaxosa soamente cando todas as persoas participantes teñan dereito a esta.

Artigo 22. Abonos

As persoas usuarias poderán beneficiarse das vantaxes, por unha duración determinada, no uso das instalacións e na inscrición nas actividades a través da adquisición de abonos.

A validez destes determinarase segundo o establecido na normativa anual de prezos públicos da Universidade de Vigo.

Artigo 23. Formas e prazos de pagamento

O pagamento poderase realizar polos seguintes procedementos:

- a) Medios telemáticos propios da Universidade de Vigo para realizar os pagamentos.
- b) Entidades bancarias colaboradoras, presentando a carta de pagamento obtida no momento da inscrición ou reserva a través dos medios telemáticos propios.

O pagamento realizarase nos prazos establecidos para cada caso.

Artigo 24. Cancelación, modificación de usos adxudicados e devolución de importes aboados

As persoas usuarias poderán cancelar ou modificar os usos ou os servizos xa adxudicados dentro dos prazos regulamentariamente establecidos.

As solicitudes de cancelación presentaranse nos medios telemáticos propios da universidade e, dependendo da natureza do uso ou do servizo, poderán ser de trámite automático ou suxeito á validación polas unidades administrativas.

A tramitación das solicitudes de devolución de importes e as circunstancias xustificativas atenderán ao establecido, con carácter xeral, no ámbito das actividades de Extensión Universitaria.

Artigo 25. Cancelación de reservas e inscricións por parte da Área BSD

Poderase modificar ou deixar sen efecto unha reserva ou inscrición por algunha das seguintes causas:

- a) Necesidades sobrevidas de programación das actividades ou por non alcanzar o número mínimo requirido de persoas usuarias para desenvolver unha actividade determinada. Estas cancelacións comunicaránselles ás persoas ou ás entidades interesadas o máis axiña posible e poderán dar dereito á devolución das cantidades aboadas ou á realización dunha nova reserva ou inscrición, a elección da persoa usuaria.
- b) Incumprimento das obrigas establecidas na normativa vixente para as persoas ou entidades usuarias. Estes casos poderán carrexar as sancións establecidas neste regulamento.
- c) Non realizar o pagamento no prazo establecido.

Artigo 26. Casos de privación automática da solicitude de novos usos de instalacións e actividades

A non asistencia a reservas ou a entradas confirmadas será obxectivo dunha sanción automática de 7 e 3 días, respectivamente, para realizar novas solicitudes de uso do

mesmo tipo.

No caso de usos xa efectuados e pendentes de pagamento, a persoa usuaria non poderá presentar novas solicitudes cando a débeda supere os límites establecidos na normativa reguladora.

Ante estas medidas, a persoa usuaria poderá presentarlle as súas alegacións ao Servizo de Extensión Universitaria.

Artigo 27. Accidentes deportivos e responsabilidades nas actividades organizadas pola Área BSD

A Área BSD garantirá que todas as persoas que participen nas súas actividades ou sexan usuarias dos seus servizos dispoñan dun seguro de accidentes, en especial as que non estean ao amparo do seguro escolar, do seguro federativo ou doutras modalidades referidas expresamente á práctica deportiva. Non se permitirá a participación nin o acceso sen comprobar este requisito.

Así mesmo, a universidade contratará un seguro que cubra a responsabilidade civil derivada dos danos causados ás persoas usuarias ou espectadoras como consecuencia da organización ou desenvolvemento das súas actividades ou das condicións das instalacións.

Artigo 28. Accidentes deportivos e responsabilidades nas actividades organizadas por persoas ou entidades alleas

A Área BSD velará polo cumprimento da legalidade vixente por parte das entidades externas. Para tal efecto, poderalles esixir as correspondentes pólizas para a cobertura de accidentes deportivos e de responsabilidade civil.

CAPÍTULO 5. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Artigo 29. Normas básicas de uso

Co obxecto de manter un ambiente seguro e apropiado, as persoas usuarias utilizarán os espazos, instalacións, servizos e demais recursos respectando as normas básicas de comportamento social e os dereitos das demais persoas, a integridade das instalacións e o uso lexítimo dos recursos.

En todo caso, e de modo expreso, absteranse de realizar os seguintes tipos de comportamentos:

- a) Facer ou provocar ruidos excesivos susceptibles de perturbar a práctica deportiva das demais persoas.
- b) Introducir alimentos e bebidas alcohólicas.
- c) Fumar ou consumir drogas e substancias prohibidas.
- d) Introducir obxectos ou substancias que entrañen riscos para as persoas, as instalacións e os equipamentos.
- e) Realizar o uso non silencioso de teléfonos e dispositivos móbiles, en particular, conversas de voz.
- f) Acceder con animais, agás que se trate de cans de asistencia que acompañen persoas con discapacidade.
- g) Colocar carteis ou distribuír documentos sen autorización expresa do persoal da Área BSD.
- h) Ocupar e facer uso de espazos para os que non estean autorizados.
- i) Empregar vestiarios e armarios individuais sen que estean vinculados ás prácticas deportivas.
- j) Modificar a colocación e a disposición do mobiliario e outro equipamento sen a autorización expresa do persoal que atende o servizo.
- k) Filmar ou fotografar espazos ou actividades sen permiso expreso do persoal.
- l) Exhibir comportamentos agresivos, violentos, obscenos ou irrespectuosos.
- m) Danar, deteriorar ou inutilizar as instalacións, o mobiliario e o equipamento.

- n) Acceder ás instalacións con monopatín, patíns, bicicletas ou similares, así como con vehículos de motor.
- o) Empregar ferramentas ou materiais que non se destinen á práctica da modalidade deportiva obxecto dunha reserva de uso.

Sen prexuízo do disposto neste regulamento xeral, cada espazo deportivo está suxeito ás súas normativas específicas, ratificadas pola Comisión de Extensión Universitaria e publicadas no espazo web campusactivo.uvigo.gal.

Artigo 30. Horarios de apertura

A utilización das instalacións deportivas realizarase dentro dos horarios establecidos. Co obxecto de que os espazos estean totalmente desaloxados ao finalizar o seu horario de apertura ao público, o persoal a cargo do servizo avisará do peche dos centros coa suficiente antelación.

A proposta de franxas diarias de apertura será elaborada pola Área BSD tendo en conta as necesidades das persoas e das entidades usuarias e contará coa aprobación da Comisión de Extensión Universitaria.

Artigo 31. Modalidades de acceso

As principais modalidades de acceso ás instalacións son:

- a) Entradas puntuais: poderán ser gratuítas ou de pagamento.
- b) Bonos: autorización para realizar un número determinado de accesos en usos suxeitos a pagamento. Este tipo de entradas permitirán usar as instalacións existentes de uso compartido cunha duración máxima de dúas horas.
- c) Abonos: autorización para realizar un número ilimitado de accesos ás instalacións de uso compartido durante períodos de tempo determinados.
- d) Reservas: autorización para acceder ás instalacións ou aos espazos deportivos de uso exclusivo e non compartido por parte dun grupo de persoas usuarias.

Artigo 32. Prioridade das actividades da Área BSD

As instalacións poderán utilizarse para desenvolver actividades programadas pola propia Área BSD e para a práctica deportiva libre ou organizada das persoas e dos

colectivos usuarios.

As actividades da Área BSD terán preferencia, con carácter xeral, sobre calquera outra solicitude ou reserva.

Artigo 33. Procedemento de reserva

A reserva das instalacións poderá ser:

- a) De carácter puntual: realízase sempre por vía telemática a través dos medios habilitados. Con carácter xeral, será xestionada polo propio sistema.
- b) Por períodos continuados: solicítase a través dun escrito por vía telemática utilizando os medios habilitados e dentro dos prazos establecidos para cada curso académico.

Para asignar as reservas por períodos continuados aplicaranse os seguintes criterios de preferencia:

- a) Usos internos: prioridade dos usos por parte da comunidade universitaria.
- b) Colaboracións: consolidación dos acordos e dos convenios de colaboración existentes.
- c) Proximidade: usos por parte de entidades estables da contorna dos campus universitarios.
- d) Maximización do uso: compatibilidade con outras ocupacións programadas.
- e) Historial nos cursos anteriores.

Artigo 34. Condicións das reservas de carácter puntual

Para garantir o uso polo maior número de persoas usuarias, establécense as seguintes regras:

- a) Poderán realizarse cunha antelación máxima de sete días naturais.
- b) A duración mínima será dunha hora e a máxima de dúas horas.
- c) Unha mesma persoa usuaria non poderá manter simultaneamente máis dunha reserva deste tipo para unha mesma modalidade deportiva. Tampouco estará permitido que as realicen diferentes persoas cando os grupos aos que pertencen compartan máis do 30 % das súas persoas integrantes.

- d) No caso de usos colectivos con dereito a gratuidade, establécese un número mínimo de persoas participantes para cada instalación.

Artigo 35. Persoas responsables das reservas de uso colectivo

Corresponderalle á persoa que realice unha reserva de uso colectivo:

- a) Identificarse diante do persoal encargado da instalación e responsabilizarse do acceso de todo o grupo aos diferentes espazos e dependencias.
- b) No caso de préstamo de material, responsabilizarse do seu uso.
- c) Asegurar o cumprimento da normativa de uso por parte de todas as persoas incluídas na reserva.
- d) Comunicar, coa urxencia requirida, calquera incidente resultante da actividade realizada.

Artigo 36. Restricións xerais de uso

- a) A práctica deportiva deberá limitarse ás modalidades para as que estea destinada cada instalación. Poderán practicarse outras modalidades sempre que sexa tecnicamente posible coa autorización previa da Área BSD.
- b) Non estará permitido realizar quecementos ou actividades con balóns, pelotas ou outros obxectos nos vestiarios, bancadas, zona axardinadas, corredores de acceso ás pistas ou en calquera outro que non teña a consideración de espazo deportivo.
- c) Non se poderán instalar soportes publicitarios sen unha autorización expresa da Área BSD.
- d) As reportaxes fotográficas, gravacións ou retransmisións radiofónicas ou televisivas que se pretendan realizar deberán contar co consentimento da Área BSD.
- e) Está prohibido fumar ou introducir bebidas alcohólicas en calquera das instalacións deportivas ou nas súas zonas anexas.
- f) O consumo de alimentos non estará permitido nos espazos destinados á practica deportiva nin nas bancadas cando estes xeren desperdicios.
- g) Queda prohibida a exhibición ou o uso de pancartas, símbolos, emblemas ou lendas, que polo seu contido ou significado poidan incitar á violencia, ao

racismo, á xenofobia ou á intolerancia.

- h) As persoas asistentes como público non poderán ocupar os espazos destinados á práctica deportiva. Deberán utilizar as bancadas ou os espazos habilitados.

Artigo 37. Solicitud de modificación puntual das condicións de acceso, uso ou reserva

Calquera proposta de modificación puntual das condicións de acceso, uso ou reserva establecidas neste regulamento ou na normativa específica de cada instalación será autorizada expresamente pola Área BSD.

Artigo 38. Da custodia das pertenzas das persoas usuarias

A Universidade de Vigo non se responsabiliza da perda, furto ou deterioración dos obxectos persoais que se atopen nos vestiarios ou en calquera outra área das súas instalacións deportivas.

Os obxectos perdidos gardaranse nas conserxarias durante un período de tres meses. Tras este, poderánselle entregar a algunha entidade sen ánimo de lucro.

Artigo 39. Préstamo ou alugamento de material deportivo

As persoas usuarias poderán solicitar o préstamo ou o alugamento do material deportivo dispoñible nas instalacións, de acordo coa normativa vixente. No momento do préstamo, as persoas usuarias acreditarán a súa identidade e, de ser o caso, a condición de integrante da comunidade universitaria.

A utilización deste material fóra do ámbito das instalacións deportivas da universidade deberá ser expresamente autorizada polo Área BSD.

Artigo 40. Da información básica

As instalacións presentarán nun lugar visible información sobre os seguintes aspectos básicos:

- a) Persoas que prestan servizos profesionais nos niveis de dirección, ensino e animación.
- b) Normas de usos específicas de cada espazo deportivo.

- c) Prezos públicos que sexan de aplicación.
- d) Protocolo de accidentes aplicable segundo os tipos de persoas usuarias.

CAPÍTULO 6. COMPETICIÓNS DEPORTIVAS

Artigo 41. Competicións internas

A Área BSD desenvolverá un programa específico de competicións internas que estarán suxeitas ás súas propias normativas específicas. Nelas atenderanse de xeito prioritario os aspectos referentes ao xogo limpo (*fair play*), á igualdade de xénero e ao carácter inclusivo do deporte.

Rexeitaranse as condutas e os comentarios sexistas ou susceptibles de ser considerados como violencia machista. Promoverase un espazo libre de violencias machistas.

Estas normas contarán coa aprobación da Comisión de Extensión Universitaria.

A planificación deste programa axustarase, na medida do posible, ao calendario académico, así como á demanda e á participación das propias persoas usuarias.

Artigo 42. Competicións interuniversitarias

Tendo en conta os recursos e as posibilidades existentes, a Universidade de Vigo participará en competicións universitarias de ámbito autonómico, galaico-duriense, estatal ou internacional.

Os criterios de participación neles, así como as normas e os requisitos de selección dos e das deportistas, serán aprobados pola Comisión de Extensión Universitaria ao inicio de cada curso académico.

As obrigas e os deberes das persoas participantes nestas competicións, así como a aplicación do réxime disciplinario correspondente, atenderán ao establecido no regulamento de participación en competicións deportivas interuniversitarias e nos diferentes regulamentos aprobados polo Consello de Goberno.

Artigo 43. Competicións federadas

O funcionamento da sección deportiva propia da Universidade de Vigo e a participación das persoas que a integran están suxeitos ao seu regulamento de réxime interno, aprobado polo Consello de Goberno da universidade.

Na súa representación da universidade, aplicaráselle as normas de comportamento recollidas no Regulamento de participación en competicións deportivas interuniversitarias.

Artigo 44. Modalidades da sección deportiva da Universidade de Vigo

A proposta de creación ou da eliminación de modalidades deportivas será acordada pola Comisión de Extensión Universitaria.

Calquera modificación a este respecto, así como os cambios nos órganos de goberno da sección deportiva, comunicaránselle ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

CAPÍTULO 7. NORMAS DE CONVIVENCIA, CONDUTAS INADECUADAS E CONSECUENCIAS

Artigo 45. Medidas de prevención e resposta contra a violencia, a discriminación e a acoso

Promoveranse as medidas ás que se refire o artigo 4 das normas de convivencia da Universidade de Vigo, así como os protocolos marco ou específicos que sexan de aplicación.

De maneira destacada, tratarase de previr e de combater a discriminación, o acoso e a violencia de xénero no ámbito deportivo.

Artigo 46. Condutas inadecuadas

Ademais do incumprimento das obrigas das persoas usuarias e das normas de uso recollidas neste regulamento, terase en conta o establecido nas Normas de convivencia

da Universidade Vigo, no Regulamento de réxime disciplinario do estudantado (Regulamento RDE) e demais normativas de aplicación.

Estas condutas impropias cualificaranse como graves, moi graves e leves, tendo en conta o establecido no artigo 3 do Regulamento RDE.

Artigo 47. Gradación das condutas inadecuadas

A gravidade dos comportamentos determinarase por parte do órgano competente tendo en consideración os seguintes criterios:

- a) Intensidade da alteración ocasionada no normal exercicio dos dereitos doutras persoas usuarias e no normal funcionamento das instalacións e dos espazos.
- b) Intencionalidade e grao de negligencia.
- a) Reiteración e resposta ás advertencias efectuadas polo persoal.
- c) Risco para a saúde e a seguridade das persoas.
- d) Contía do dano ou da deterioración ocasionados.
- e) Grao de participación.

Terase en conta tamén o establecido no artigo 16 do Regulamento RDE.

Artigo 48. Condutas impropias no uso das instalacións

Comportamento indebidos:

- a) Condutas que afecten ao estado de conservación e de mantemento: uso de calzado inadecuado, actividades non permitidas ou modificación das condicións de uso sen autorización.
- b) Faltas de consideración con outras persoas usuarias: ausencia da vestimenta deportiva que corresponda ou exceso no tempo de reserva.
- c) Incumprimentos no procedemento de reserva: suplantación da identidade, usos sen confirmación da reserva, non asistencia a unha reserva confirmada, non observación dos horarios establecidos e non pagamento das tarifas vixentes.
- d) Uso indebido da tarxeta universitaria ou do abono como persoa usuaria, tanto pola titular coma por outra persoa.

- e) Alteración da orde e do normal funcionamento das instalacións e dos espazos deportivos: non comunicarlle ao persoal das instalacións as anomalías de funcionamento, as roturas ou as deficiencias producidas por un uso indebido ou accidental.

O tratamento destas condutas e as consecuencias que lles correspondan poderán desenvolverse nunha normativa específica que complementa este regulamento.

Artigo 49. Condutas impropias no uso do material e na vestimenta en préstamo

Comportamentos indebidos:

- a) A deterioración ou a destrución sen un motivo xustificado.
- b) A non devolución ou o atraso, a perda ou a subtracción.
- c) Os usos do equipamento que poidan diminuír a súa vida útil.
- d) O uso inadecuado da vestimenta representativa ou en contextos que non se garde o decoro pertinente.

O tratamento destas condutas e as consecuencias que lles correspondan poderán desenvolverse nunha normativa específica que complementa este regulamento.

Artigo 50. Condutas impropias na participación en competicións deportivas

Comportamentos indebidos:

- a) A falsidade dos datos achegados.
- b) A non comparecencia ou a falta de puntualidade a un evento, proba ou acto oficial sen a debida xustificación.
- c) O uso inadecuado da vestimenta oficial ou do equipamento en xeral.
- d) As condutas antideportivas ou as que afecten negativamente á convivencia co resto de persoas participantes, tales como fumar, consumir bebidas alcohólicas ou respectar o descanso.

O tratamento destas condutas realizarase segundo o recollido no Regulamento de participación en competicións deportivas interuniversitarias e, no caso das competicións internas, terase en conta o establecido nos regulamentos de cada competición.

Artigo 51. Instrución de procedementos ante condutas impropias

A instrución dos procedementos levarase a cabo pola parte instrutora que designe a persoa titular da Reitoría e as súas actuacións rexeranse polos principios de independencia, autonomía e transparencia.

A persoa instrutora poderá nomearse por períodos de duración ou por materias determinadas.

A iniciación e a instrución do procedemento desenvolverase segundo o establecido nos artigos 6 e 7 do Regulamento RDE.

Artigo 52. Iniciación dos procedementos ante condutas impropias

O procedemento iniciárase sempre de oficio pola dirección técnica da Área BSD, pola súa iniciativa, pola petición razoada doutro órgano ou por unha denuncia.

O acordo de incoación do procedemento incluírá os elementos reflectidos no artigo 6 do Regulamento RDE.

En situacións de urxencia inaprazable, o director ou directora técnico da Área BSD poderá adoptar as medidas provisionais ás que se refire o artigo 5 do Regulamento RDE. No caso de privación provisional da condición de usuario/a, a persoa instrutora informará previamente a persoa infractora.

Artigo 53. Medidas accesorias

A resolución do procedemento poderá declarar as obrigas ás que se refire o artigo 17 do Regulamento RDE:

- a) Restituír as cousas ao seu estado anterior ou repoñelas.
- b) Indemnizar os danos por contía igual ao valor dos bens destruídos ou á deterioración causada, así como os prexuizos ocasionados.

CAPÍTULO 8. DA PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Artigo 54. Tratamento de datos de carácter persoal

De acordo co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos que facilite a persoa usuaria polo establecido nos epígrafes a), b) e d) do artigo 16.1, no artigo 20, ou en calquera outra sección do articulado deste regulamento, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar os servizos solicitados. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e conservaranse durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da citada finalidade e do tratamento dos datos.

CAPÍTULO 9. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 55. Proposta e aprobación

Correspóndelle ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo aprobar o presente regulamento, que se poderá reformar total ou parcialmente por proposta do director ou directora técnico da Área BSD ou da Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes.

Os proxectos de reforma total ou parcial requirirán unha memoria explicativa e un texto articulado.

DISPOSICIÓNS FINAIS

- a) Este regulamento entrará en vigor o día seguinte de publicarse no taboleiro e despois de aprobalo o Consello de Goberno.
- b) Para todo o non recollido neste regulamento aplicarase o que dispón a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os Estatutos da Universidade de Vigo e o resto da normativa aplicable da Universidade de Vigo.